

A FESTA DOS ANIMAIS

Texto e ilustracións de **MARCOS FARINA**

Tradución de **IAGO NICOLÁS**

Encadernado en cartón. 19 x 19 cm. 24 páx. 12 €

A festa dos animais (galego)

ISBN 978-84-1343-353-0. Prelecturas. Acartonados.

La fiesta de los animales (castelán)

ISBN 978-84-1343-354-7. Prelecturas. Acartonados.

La festa dels animals (català)

ISBN 978-84-10387-04-1. Prelectures. Cartró.

O desfile animal (português)

ISBN 978-989-749-193-1. Pré-leituras. Cartonados.

A TARTARUGA camiña LENTA pasiño a pasiño,

o CABALO galopa RÁPIDO como o vento.

O MOUCHO está ESPERTO toda a noite,

o PREGUICEIRO está DURMIDO todo o día...

Xogando aos antónimos, os animais desenvolven tarefas cotiás acompañados por nenas e nenos que imitan as súas accións.

«A festa dos animais» presenta unha vintena de especies: insectos, mamíferos, aves, réptiles... Hainos de distintos tamaños, que habitan en ecosistemas diferentes, algúns dos protagonistas son domésticos e outros viven en estado salvaxe. O texto —que utiliza tipografía maiúscula e en cor para resaltar as palabras clave— establece un xogo de conceptos contrarios asociado ás calidades de cada criatura, ás súas habilidades ou ás súas características. Canda eles, varios nenos e nenas acompañan os seus movementos ou imitan as súas accións dun xeito lúdico, experimentando situacións divertidas e dando renda solta á súa curiosidade.

Trátase dunha forma orixinal, interesante e asequible para as nenas e os nenos máis pequenos de coñecer a fauna do mundo e a súa diversidade, de celebrar a súa convivencia en harmonía e amizade, ao tempo que amplían o seu vocabulario con adxectivos, verbos e outras fórmulas da linguaxe.

Resulta especialmente chamativo o estilo *vintage* das ilustracións de Marcos Farina: son grafismos cun marcado interese pola xeometría, o coidado da composición e a expresividade dos xestos faciais, con cores suaves e planas.



■ **Temática:** fauna e antónimos.

■ **Idade recomendada:** a partir de 2 anos.

■ **Aspectos destacables:** animais diversos e as súas habilidades, tarefas cotiás, infancia; vocabulario, termos contrarios.

■ **Avance do libro:**

https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-festa-dos-animais-g_marcos_farina

Marcos Farina

(Bos Aires, 1984)

Deseñador gráfico, ilustrador e autor de libros. Estudou na Facultade de Arquitectura, Deseño e Urbanismo da Universidade de Bos Aires. Ampliou a súa formación licenciándose en artes visuais na Universidade Nacional das Artes de Arxentina e especializándose en técnicas de estampación artesanal. Durante 15 anos foi profesor de Morfoloxía na Cátedra Brignone e de Ilustración na Cátedra Daniel Roldán da Universidade de Bos Aires, así como da Escola Roseti. Foi seleccionado para a exposición de ilustración da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Bolonha en 2020, recibiu o Premio ao Mellor Libro Ilustrado en 2019 e o Premio Junior Jada 2017, entre outros recoñecementos.

<https://www.instagram.com/marquitosfarina>

www. **kalandraka**.com
comunicacion@kalandraka.com

